

# Encontro da Rede do Rural

Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural

Lodoselo, Centro de Desenvolvemento Rural O Viso, Sarreaus (A Limia)

26 outubro 2024

## *Coidados e acompañamento na comunidade e nun medio rural habitable*

### **Xeira de mañá**

De 10:00 a 10:30 **Recepción e saúdo**

10:30 a 11:00 **Presentación do Centro de Desenvolvemento Rural O Viso**

A cargo de Antonio R. Corbal, acollemento na casa reitoral e presentación de proxectos, pioneiros na comarca ourensá da Limia e en todo o país galego, que foron promovidos polo CDR O Viso en Lodoselo (Sarreaus): O POBO ESCOLA DE LODOSELO, e o proxecto sobre os **Coidados e acompañamento a persoas maiores na mesma comunidade**, cun exemplar modelo de atención comunitaria dentro do propio contorno. <https://cdroviso.org/>

11:00 a 12:00 **Presentación da Rede do Rural, Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural ([rededorural.org](http://rededorural.org))**

Por parte de membros dos grupos de traballo da Rede do Rural: Antecedentes, traxectoria, accións na actualidade, procura de adhesións, páxina dixital e debates de cara ao futuro.

12:00 a 12:15 **Parva**

12:15 a 13:00 **Palestra: *Outra Limia é posible***

En torno ao ámbito da Lagoa de Antela ao cargo de Serafín González Prieto, membro do Centro Superior de Investigacións Científicas, na rama de edafoloxía e Presidente da Sociedade Galega de Historia Natural, pertencente á sección de Antela.

13:00 a 14:00 **Visita guiada polo lugar de Lodoselo**

Percorrido vivencial pola aldea, relacionado co proxecto do Pobo Escola e coas instalacións de servizos comunitarios hoxe en día en plena actividade.

14:00 a 15:30 **Xantar** nas instalacións dos referidos servizos comunitarios.

15:30 a 16:00 **Visita ás persoas residentes** na comunidade local.

## Xeira de tarde

16:00 a 16:30 **Palestra: *A sensibilidade da Facultade de Educación e Traballo Social do Campus de Ourense co desenvolvemento rural.***

A cargo de X. M. Cid Fernández, Ex-decano da Facultade de Educación e Traballo Social, de Ourense, Universidade de Vigo, e Isabel Mociño González actual decana da mesma Facultade. Falarán dun significativo compromiso, durante décadas e na actualidade, co desenvolvemento rural.

16:30 a 20:00 **Presentación de proxectos territoriais**

Mostra de múltiples iniciativas de dinamización e desenvolvemento rural da comarca Limiá e de comarcas proximais: Allariz e Manzaneda entre outras.

A amplitude e a inmensa diversidade que se desenvolve en todos os sectores socio educativos, culturais e produtivos rebórdanos no intento de deixar constancia de todos e cada un deles. Acadaremos no posible unha considerable morea de testemuñas que se poden converter en optimistas referencias.

No medio da mostra, a media tardiña, haberá uns petiscos.

Entre as iniciativas contaremos con:

**Portas Abertas.** Centro de Desenvolvemento Rural. Programa integral de intervención no medio rural na comarca de Monterrei, Tamara Balboa García, coordinadora, Vilardevós. <https://www.cdrportasabertas.org/>

**Arca da Noe.** Taberna cultural e comidas caseiras con produtos locais e ecolóxicos. Noemí Vázquez, Vilar de Santos. <https://vinte.praza.gal/artigo/a-arca-que-prende-raices-no-vilar>

**Os Tres Reinos.** Asociación que presta servizos a persoas en risco de exclusión social. A Mezquita, Cristina Clavería Álvez. [culturalostresreinos@gmail.com](mailto:culturalostresreinos@gmail.com)

**Lumecú.** Mercedes Vieites; artesá, costureira do traxe tradicional galego, con marca propia. Proxecto As mulleres con ás. Vilar de Santos. <https://lumecu.gal/>

**O Rexo.** Ecoespazo. Queixos ecolóxicos de leite de ovella. Rosa Valverde, Allariz. <https://orexo.gal/>

**Fargullas.** O forno tradicional, elaboración de pan artesanal. Fer e Carmen, O Mosqueiro, Vilar de Santos [q.carmen@hotmail.com](mailto:q.carmen@hotmail.com)

**Xeitura.** Xestión do Patrimonio Cultural. Begoña Garrido, socia fundadora. <https://www.xeitura.com/>

**Amarelante.** Sociedade cooperativa para a recuperación de soutos e elaboración de produtos derivados da castaña. Sonia e Lito. Manzaneda. <https://amarelante.gal/>

**Aldo Super, sabor de aldea.** Presentación do produto con degustación. Elaboración de chourizos caseiros con carne de produción ecolóxica. Vilar de Santos. <https://sabordealdea.com/gl/>

**Carabunhas.** Produtos artesanais de sabugueiro, bebidas e galletas, Eva e Nelson, Vilar de Santos. <https://carabunhas.com/>

**Shiitake.** Producción ecolóxica de cogumelos. Geli. Trives. <https://www.shiitakeptrives.gal/>

**Tralaleira.** Cooperativa de mulleres pola produción hortícola ecolóxica. Viveiros. Uxía . Allariz. [tralaleira@gmail.com](mailto:tralaleira@gmail.com)

**Teté Mareque.** Proxecto de recuperación da lá de ovella galega autóctona, incluíndo a da granxa ecolóxica **A Ciruxana**, de Xoán, Vilariño de Conxo. <https://granxaaciruxana.gal/>

**Terra e Xente.** Unión de Asociacións rurais. <https://voluntariadogalego.org/entidades/8533>

**Arredor do Rural: Comunidade de accións e saberes.** [www.arredorural.org](http://www.arredorural.org)

**Outros colectivos e entidades dinamizadoras que desexen apoiar este encontro** poderanse sumar a esta mostra, así como adherirse á Rede do Rural.

Así mesmo dende a Rede do Rural promovemos a adhesión á rede comezando pola conexión á pax. dixital mediante a **Leira** COOPERACIÓN EN REDE, tamén fomentamos a cohesión e facemos por acoller un Grupo Territorial formalmente constituído.

**Inscripción.** **Compre inscribirse no prazo sinalado, ata o día 21 de outubro, no correo da Rede do Rural.** A inscrición farase enviando un correo a [regaeder@gmail.com](mailto:regaeder@gmail.com) , indicando nome, apelidos, correo electrónico, teléfono de contacto. Indica tamén se queres anotarte para o xantar.

**Localización.** <https://maps.app.goo.gl/hjVBg6YJkq3wGfdH9>

**Xantar.** Necesario anotarse. Prezo 20 €, incluíndo as parvas.

**Aloxamento, suxestións:**

**Albergue: na antiga casa Reitoral. Prezo 15 €, almorzo 3€ .**

**Reservas: Chamar ao 988 461 571, en horas de oficina.**

Diversas posibilidades ; O máis próximo é no lugar chamado **Couso**, a aldea rural rehabilitada e dedicada a aloxamentos, ou o **hotel Couso Galán**. Tamén existen varias casas anunciadas no territorio da Limia.

**Proposta vinculada co engadido de dúas xeiras extras**, anterior e posterior á xornada do sábado, para o venres e o domingo.

Unha vez feito un considerable desprazamento á comarca da Limia, e tomando conciencia da grande oportunidade que se nos ofrece, dadas as cuantiosas posibilidades deste territorio limiá da Raia Seca con Portugal, suxerimos aproveitar a viaxe facendo noite o venres e o sábado.

**Como continuación do programa deste encontro engadimos outra oportunidade**, a de participar na oportuna coincidencia coa magnífica mostra de alternativas para dinamización do rural, que se concentran na localidade próxima de Xinzo de Limia, trátase da **Feira do mercado social de Xinzo, Día 27 de outubro.**

**Organiza Rede do Rural.**

**Colaboran: CDR O Viso, Nova Escola Galega e Facultade de Educación e Traballo Social, Campus de Ourense, Universidade de Vigo.**

**INFORMACIÓN ADICIONAL:**

<https://irimia.gal/ferrados-de-corazon-tono-de-lodoselo-militante-do-medio-rural/>

<https://arcadanoeframer.website/>

<https://fronteiraesquecida.eu/gl/inicio/>

<https://www.turismo.gal/que-visitar/xeodestinos/a-limia>